

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006353	CEIP de Vilaverde-Mourete	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación en valores cívicos e éticos	6º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Valores Cívicos e Éticos, está deseñada para levar a cabo no 6º curso de Educación Primaria e desenvolverase no CEIP de Vilaverde-Mourente de Pontevedra durante o presente curso 2023-2024. Para iso tomarase como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Trátase dunha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

A finalidade desta programación é asegurar unha formación común a todos os nosos alumnos e alumnas que lles permita afianzar o seu desenvolvemento persoal, académico, as súas habilidades sociais, hábitos de traballo e estudo, sentido artístico, creatividade e afectividade.

O alumnado de 6º de Primaria está constituído por cincuenta alumnas e alumnos, os cales están distribuídos en dous grupos (A e B, de vinte e cinco nenas e nenos respectivamente) que ocupan dúas aulas non contiguas da primeira planta do centro. No mes de novembro incorporouse unha nova alumna no grupo B. Participamos no Proxecto Abalar e no Edixgal. Así mesmo contamos con Sección Bilingüe na materia de Plástica e auxiliar de conversa. Séguese un plan para que o agrupamento do alumnado se faga por ámbitos: socio-lingüístico e científico-matemático. As rapazas e rapaces cambian de aula segundo a materia ou ámbito impartido.

A materia de Valores Cívicos e Éticos é unha materia de tremenda importancia para poder cumprir cos obxectivos do curriculum.

Nesta materia axúdase a garantir o dereito universal dos nenos e nenas a recibir unha educación primaria que lles permita desenvolver ao máximo as súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e liberdade fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerantes ante as dificultades.

Ao mesmo tempo reforma a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e crítica implicándose na mellora de cohesión, defensa e desenvolvemento da sociedade democrática.

Esta materia responde á preocupación por mellorar a calidade da educación de todo o alumnado fomentando o desenvolvemento de procesos educativos que potencia a participación individual para lograr fins colectivos.

Os criterios de avaliación e contidos distribúense en tres bloques,

1. Autoconecemento e autonomía moral.
2. Sociedade, xustiza e democracia.
3. Desenvolvemento sostible e ética ambiental.

Nos tres bloques preténdese facer un percorrido dende a propia persoa e a súa autonomía, saber seguidamente o papel que cumpre na sociedade, e a súa responsabilidade para cos demais e para rematar, a responsabilidade ética e moral que temos de cara o mundo, ao demais seres vivos e ao noso planeta. Todo isto fundamenta as bases dos retos do século XXI.

Formúlanse seis unidades didácticas integradas nas que se desenvolverán a totalidade dos obxectivos e dos bloques de contidos da materia de Valores Cívicos e Éticos durante o curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deliberar e argumentar sobre problemas de carácter ético referidos a si mesmo e á súa contorna, buscando e analizando información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconecemento e a autonomía moral.	1-3			4	4-5	1-2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, recoñecendo a súa importancia para a vida individual e colectiva e aplicándoos de maneira efectiva e argumentada en distintos contextos, para promover unha convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica.	5	3			3-4	1-2-3		1
OBX3 - Comprender as relacións sistémicas entre o individuo, a sociedade e a natureza, a través do coñecemento e da reflexión sobre os problemas ecosociais, para comprometerse activamente con valores e prácticas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas e do planeta.	2-5		1-5		2	3-4	1	
OBX4 - Desenvolver a autoestima e a empatía coa contorna, identificando, xestionando e expresando emocións e sentimentos propios, e recoñecendo e valorando os dos outros, para adoptar unha actitude fundada no coidado e no aprecio de si mesmo, dos demais e do resto da natureza.	1-5				1-2-3	2-3-4	3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Sei como son e teño o control.	Construímos o noso autoconcepto, o respecto, a resiliencia, autocontrol, expreso as miñas emocións.	16	5	X		
2	Tomo as miñas decisións.	A autestima, a habilidade e a confianza, penso antes de actuar, ser emprendedor, habilidades persoais e sociais, frustración.	17	6	X		
3	Falamos.	Diálogo, escoita activa, estratexias de escoita activa, asertividade, argumentar, altruísmo.	17	6		X	
4	Son unha persoa xusta.	A empatía, convivencia, normas de convivencia, condutas solidarias, prexuízos.	17	6		X	
5	Resolvemos conflitos.	Causas do conflito, solucións ao conflito, o mediador, dilema moral, liberdade de expresión, democracia.	16	6			X
6	Cidadán do mundo.	Recursos enerxéticos, vida saudable, redes sociais, seguridade vial.	17	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Sei como son e teño o control.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza, organizando e xerando, de forma segura e crítica, información analóxica e dixital acerca dos trazos relativos á identidade, diferenza e dignidade das persoas.	É capaz de definirse de xeito escrito diferenciando os conceptos de identidade, diferenza e dignidade	TI	100
CA1.2 - Identificar e expresar emocións, afectos e desexos, mostrando confianza nas propias capacidades ao servizo da consecución motivada de fins persoais e colectivos.	Expresa oralmente de xeito correcto as súas emocións, afectos e desexos.		
CA1.5 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións, identificando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas.		
CA2.3 - Reflexionar e asumir un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero, analizando desde un punto de vista ético cuestións relacionadas coa desigualdade e coa pobreza, co feito multicultural, coa diversidade humana e cos fenómenos migratorios.	Reflexionar e asumir un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero.		
CA3.4 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións, identificando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A natureza dos seres humanos: - A igualdade en dignidade de todos os seres humanos.

Contidos

- As diferenzas entre os humanos: unicidade e irrepeticibilidade dos individuos.
- As características que definen a persoa:
 - Ser natural, ser vivo, ser animal.
 - Ser social. Vivir con outros e depender dos outros para vivir.
 - Actuar libremente, movidos por desexos, emocións e sentimentos e pola razón.
- A identidade persoal: os papeis da natureza e da crianza na constitución do ser humano.
- A educación das emocións e dos sentimentos:
 - O autocontrol. A xestión dos sentimentos.
 - A educación afectivo-sexual.
- O pensamento crítico e ético en acción:
 - O respecto aos outros. O rexeitamento dos casos de abuso, ciberacoso, marxinação e exclusión.
 - O ser humano como ser social por natureza:
- A conduta cívica: respectar as regras de convivencia. A diferenza entre as normas morais e as normas legais.
- Natureza humana e natureza animal:
- Relacións e condutas afectivas e respectuosas cara aos demais seres vivos fundamentadas en valores comúns e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Tomo as miñas decisións.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso con outros arredor dos distintos valores e modos de vida, así como dos problemas relacionados co uso responsable, seguro e crítico das redes e medios de comunicación, das condutas adictivas, da prevención do abuso e do acoso escolar e do respecto á intimidade persoal.	Xerar unha posición moral autónoma así como dos problemas relacionados co uso responsable das redes e medios de comunicación, condutas adictivas, prevención do abuso e do acoso escolar.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O proxecto persoal: o modelo de vida que orienta as accións:

Contidos

- A autonomía da vontade.
- A responsabilidade sobre as accións propias.
- O recoñecemento da diversidade de valores, fins e modelos de vida e o respecto aos proxectos persoais dos outros.
- A educación das emocións e dos sentimentos:
- A autoestima persoal.
- A ética como guía das accións:
- Normas e xuízos morais. Os valores e o valioso.
- A polaridade dos valores: virtudes e defectos.

UD	Título da UD	Duración
3	Falamos.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso con outros arredor dos distintos valores e modos de vida, así como dos problemas relacionados co uso responsable, seguro e crítico das redes e medios de comunicación, das condutas adictivas, da prevención do abuso e do acoso escolar e do respecto á intimidade persoal.	Xerar unha posición moral autónoma así como dos problemas realcionados co uso responsable das redes e medios de comunicación, condutas aditivas, prevención do abuso e do acoso escolar.	TI	100
CA1.4 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactuar cos outros con condutas cívicas e éticas.		
CA2.1 - Promover e amosar un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica, a partir da investigación e da comprensión da natureza social e política do ser humano e mediante o uso crítico dos conceptos de «lei», «ética», «civismo», «democracia», «xustiza» e «paz».	Investiga e fai unha redacción acerca do que significa ser un ser social por natureza, empregando alo menos dous dos conceptos propostos.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Explica de xeito escrito e coas súas palabras os dereitos humano fundamentais.		
CA2.6 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións, identificando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas.		
CA3.1 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactuar cos outros con condutas cívicas e éticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O pensamento crítico e ético en acción: - O debate sobre os límites da liberdade de expresión. - O ser humano como ser social por natureza: - A democracia como mellor modo de convivencia: - O diálogo e a argumentación na toma de decisións en común e a resolución pacífica de conflitos. - A cultura da paz e da non violencia: - O papel do Estado na consecución da paz, da seguridade e da cooperación internacional e o papel das ONG e ONGD. - A ecodependencia, a empatía e o deber. As posibles consecuencias dunha mala praxe: - As ameazas ao medio ambiente: o cambio climático, a deforestación, a desertización, a polución e a contaminación, a perda de biodiversidade. O exemplo da capa de ozono.

UD	Título da UD	Duración
4	Son unha persoa xusta.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactuar cos outros con condutas cívicas e éticas.		
CA2.4 - Contribuír a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade efectivas e coa erradicación da violencia de xénero, a partir do coñecemento e da análise crítica da situación secular de desigualdade entre mulleres e homes.	Escribe unha lista de comportamentos rexeitables coa diversidade recoñecendoos no seu entorno e propón solución para cada un deles.		
CA2.5 - Comprender e valorar os principios de xustiza, solidariedade, seguridade e paz, á vez que o respecto ás liberdades básicas, a partir da análise e da ponderación das políticas e accións de axuda e cooperación internacional, de defensa para a paz e de seguridade integral cidadá, exercidas polo Estado e as súas institucións, os organismos internacionais, as ONG e ONGD e a propia cidadanía.	Comprender os principios de xustiza, solidariedade, seguridade e paz.	TI	100
CA3.1 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactuar cos outros con condutas cívicas e éticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As características que definen a persoa: - Ser social. Vivir con outros e depender dos outros para vivir. - O ser humano como ser social por natureza: - Fundamentos da vida en sociedade. A familia. A amizade e o amor. A empatía cos demais. - A conduta cívica: respectar as regras de convivencia. A diferenza entre as normas morais e as normas legais. - O respecto dos dereitos humanos e os dereitos da infancia: - A pobreza e a explotación laboral e infantil. As súas causas e a procura de solucións globais e locais. - A igualdade e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, a prevención dos abusos e a violencia contra as mulleres e a conduta non sexista. - O respecto da diversidade cultural e das tradicións: - A conquista da igualdade social de todos os cidadáns sen depender da súa orixe étnico-cultural. - O respecto da orientación sexual e da identidade de xénero. A prevención da LGTBIQ+-fobia.

Contidos

- A ecodependencia, a empatía e o deber. As posibles consecuencias dunha mala praxe:

UD	Título da UD	Duración
5	Resolvemos conflitos.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso con outros arredor dos distintos valores e modos de vida, así como dos problemas relacionados co uso responsable, seguro e crítico das redes e medios de comunicación, das condutas adictivas, da prevención do abuso e do acoso escolar e do respecto á intimidade persoal.	Xerar unha posición moral autónoma así como dos problemas realcionados co uso responsable das redes e medios de comunicación, condutas aditivas, prevención do abuso e do acoso escolar.	TI	100
CA1.4 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactuar cos outros con condutas cívicas e éticas.		
CA2.1 - Promover e amosar un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica, a partir da investigación e da comprensión da natureza social e política do ser humano e mediante o uso crítico dos conceptos de «lei», «ética», «civismo», «democracia», «xustiza» e «paz».	Investiga e fai unha redacción acerca do que significa ser un ser social por natureza, empregando alo menos dous dos conceptos propostos.		
CA2.2 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactuar cos outros con condutas cívicas e éticas.		
CA2.4 - Contribuír a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade efectivas e coa erradicación da violencia de xénero, a partir do coñecemento e da análise crítica da situación secular de desigualdade entre mulleres e homes.	Escrebe unha lista de comportamentos rexeitables coa diversidade recoñecendoos no seu entorno e propón solución para cada un deles.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactuar cos outros con condutas cívicas e éticas.		
CA3.3 - Comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta, a través da participación en actividades que promovan un consumo responsable e un uso sostible do chan, do aire, da auga, da enerxía, da mobilidade segura, saudable e sostible e da prevención e xestión de residuos, recoñecendo o papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.	Comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O pensamento crítico e ético en acción: - O debate sobre os límites da liberdade de expresión. - A democracia como mellor modo de convivencia: - Principios e valores constitucionais e democráticos na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia. - O problema da consecución da xustiza na democracia. - A cultura da paz e da non violencia: - O valor da defensa e da protección civil e a colaboración cidadá na seguridade integral dos cidadáns. - Natureza humana e natureza animal: - Actitude humana e respectuosa coa biodiversidade.

UD	Título da UD	Duración
6	Cidadán do mundo.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso con outros arredor dos distintos valores e modos de vida, así como dos problemas relacionados co uso responsable, seguro e crítico das redes e medios de comunicación, das condutas adictivas, da prevención do abuso e do acoso escolar e do respecto á intimidade persoal.	Xerar unha posición moral autónoma así como dos problemas realcionados co uso responsable das redes e medios de comunicación, condutas adictivas, prevención do abuso e do acoso escolar.		
CA3.2 - Avaliar diferentes alternativas coas que frear o cambio climático e acadar os obxectivos de desenvolvemento sostible, identificando causas e problemas ecosociais e xustificando argumentalmente, e de modo crítico, o deber ético de protexer e coidar a natureza.	Avaliar diferentes alternativas coas que frear o cambio climático e acadar os obxectivos de desenvolvemento sostible.	TI	100
CA3.3 - Comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta, a través da participación en actividades que promovan un consumo responsable e un uso sostible do chan, do aire, da auga, da enerxía, da mobilidade segura, saudable e sostible e da prevención e xestión de residuos, recoñecendo o papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.	Debate na aula de xeito oral, e de xeito argumentado acerca dos actuais debates sobre a protección e coidado dos animais e demais seres do planeta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O pensamento crítico e ético en acción: - Os perigos para a autonomía e o proxecto persoal. Os medios de comunicación, as redes sociais, a publicidade e o consumismo. As condutas adictivas. - O respecto aos outros. O rexeitamento dos casos de abuso, ciberacoso, marxinação e exclusión. - Os riscos das tecnoloxías da información e da comunicación. Condutas responsables fronte aos malos usos dos distintos aparatos electrónicos. - A ecodependencia, a empatía e o deber. As posibles consecuencias dunha mala praxe: - As ameazas ao medio ambiente: o cambio climático, a deforestación, a desertización, a polución e a contaminación, a perda de biodiversidade. O exemplo da capa de ozono. - A ética, a política e a xustiza nun planeta habitable: - O ser humano como animal político na natureza: dereitos humanos da solidariedade e comportamentos éticos cara aos animais. O rexeitamento e a prevención do maltrato animal. - O ser humano como un ser ético no planeta: o deber en relación co resto dos seres vivos. - Prácticas responsables: valores, hábitos e actividades para o desenvolvemento racional e sostible: - O papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna. - O uso sostible da enerxía, a produción racional de bens de consumo e a xestión dos residuos. - A actitude crítica ante a contaminación e a perda de biodiversidade.

Contidos

- A actitude responsable respecto do coidado dos animais, da valoración da auga, do aire, do chan e dos bosques e da protección do planeta.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos, características do alumnado serán tidas en conta e axustarán a programación coa finalidade de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado. Enfocarase á realización de tarefas ou situacións-problema, plantexadas con obxectivos concretos, que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecemento, destrezas, actitudes e valores, debendo ter en conta sempre a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

É preciso secuenciar a ensinanza de tal xeito que se parte de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outros máis complexos.

Un dos elementos fundamentais destas concrecións metodolóxicas será espertar e manter a motivación cara o aprendizaxe do alumnado, propiciando que o seu papel sexa activo e autónomo, conscente de ser responsable da súa aprendizaxe.

Con este propósito é preciso que o profesorado procure todo tipo de axudas para que o alumnado comprenda o que aprende, saiba para que o aprende e sexa capaz de usar o aprendido en contextos dentro e fóra da aula.

- Principios metodolóxicos xerais:

- Aprendizaxes significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.

- Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.

- Actividade : O/A alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.

- Motivación : Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.

- Afectividade : Todo isto realizarémolo nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.

O noso papel, como mestres/as, será o de guía e mediador/a para facilitar a construción de aprendizaxes os/as nosos/as alumnos/as.

- As estratexias metodolóxicas que se levarán a cabo serán as seguintes:

- Plantexamento de diferentes situacións de aprendizaxe que permitan ao alumnado desenvolver distintos procesos cognitivos: analizar, identificar, recoñecer, localizar, resolver.

- Potenciar no alumnado a autonomía, creatividade, reflexión e espírito crítico.

- Empregar distintas fontes de información, diversificar materiais e recursos didácticos.

- Potenciar o traballo colaborativo, a aceptación mutua e empatía como elementos que enriquecen a aprendizaxe entre iguais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Carpeta do alumnado.
Portátiles convertibles do alumnado.
Portátil da mestra e PDI.
Apuntamentos ou fichas elaboradas polo profesorado.

Recursos audiovisuais.

Presentacións multimedia.

Cada un destes recursos poderá ser empregado para desenvolver a materia ao longo do curso, sempre tendo en conta a posibilidade de adaptación dos recursos a todo o alumnado de aula, flexibilizando sempre en tempo ou na mesma escolla dos recursos no caso de precisar aplicar varios diferentes na mesma sesión.

O equipo dixital do alumnado, que será unha ferramenta de traballo importante, complementada cunha carpeta para gardar anotacións, exercicios, esquemas... e material fotocopiado. A aula estará organizada en seis equipos de traballo, nos que utilizarán estes recursos básicos, así como a propia comunicación oral segundo as actividades programadas.

A plataforma EVA Edixgal facilitará a comunicación docente/alumnado nas asignacións de certas tarefas, e servirá tamén como un dos instrumentos de avaliación.

Outros espazos do centro diferentes á súa aula de Valores Cívicos e Éticos serán empregados cando sexa necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado (setembro) para observar o grao de comprensión lectora, análise e resolución de problemas, así como o grao de coñecementos na materia Valores Cívicos e Éticos.

Como mínimo debemos coñecerse a seguinte información relativa ao grupo de alumnos/as:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débesse ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
 - Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
 - Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
 - Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
 - Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
 - Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	17	17	16	17	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación será continua.

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son os traballos e producións escritas e as táboas de indicadores.

As producións escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno ou no libro dixital a través de EDIXGAL..

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros.

A táboa de indicadores ten un valor dun 50% da nota de cada avaliación.

As probas escritas teñen un valor dun 50% da nota de cada avaliación.

Á hora de calcular a nota de cada avaliación e, no suposto de obter un número decimal, aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro engádeselle 1 unidade (por exemplo: 6,6=7).

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Con respecto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta as ordinarias: adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Ao mesmo tempo contamos co programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Entre as medidas extraordinarias temos: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que non poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudio e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Diseñar actividades de enriquecemento para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectura, expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde e afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais trabállanse de xeito completo ao longo de todas as unidades na materia de valores, de feito coinciden cos obxectivos da materia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Xogade.	Xogos Galegos deportivos en Idade Escolar.	X	X	X
Regueifas Escolares.	Desenvolvemento da tradición oral galega a través de actividades relacionadas coa música..	X		
Picasso protagonista. Viñetas no cómic español contemporáneo.	Análise da pegada deste artista a través de corenta importantes autorías do cómic español.	X		
Plan Director: Prevención de delitos sexuais. Violencia sobre a muller.	Para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e a súa contorna.		X	
Museos Científicos Coruñeses.	Coñecemento dos tres museos interactivos para unha mellor comprensión do mundo no que vivimos.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Help! Trouble in the jungle.	Teatro para a mellora da comprensión e da expresión oral en inglés.		X	
Hugo.	Teatro que traballa a empatía e o aprecio pola diversidade.		X	
Saída fin de curso.	Pendente por confirmar o lugar.			X

Observacións:

As actividades complementarias propostas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación deste tipo de actividades para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fóra do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta motivador para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Teño en conta o procedemento xeral, a programación, e a avaliación de aprendizaxes de acordo ao proxecto curricular
Aplico criterior de avaliación e de cualificación de acordo ao propostos na programación
Realizo unha avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación, na que teño en conta o informe da titoría anterior e o equipo de Orientación do centro
Emprego suficientes criterios de cualificación que atendan de xeito equilibrado á avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe
Metodoloxía empregada
Explico de xeito habitual e sistemáticos os traballos que califico e actividades que o alumnado fai para darlles pautas de mellora
Teño en conta a motivación do alumnado á hora de programar actividades
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Emprego diferentes medios de información para familias, profesorado e alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto, indicando no seu seguimento as datas de comezo e final para cada unha delas ao longo do curso.

9. Outros apartados